



XUNTA
DE GALICIA

CONSERVATORIO
PROFESIONAL DE
MÚSICA DA CORUÑA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

PLAN DE IGUALDADE 2023 – 2024

II PLAN DE IGUALDADE



CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
A CORUÑA



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

CONTEXTUALIZACIÓN

ANÁLISE DA SITUACIÓN

OBXECTIVOS

MEDIDAS DE ACTUACIÓN

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS



INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas a través do seu carácter participativo e creativo constitúen un vehículo privilexiado para fomentar a igualdade de xénero, a convivencia, a participación e a non violencia.

No Conservatorio Profesional de Música de A Coruña existen unha serie de cuestións organizativas xerais relacionadas coa igualdade de xénero que están a funcionar na actualidade. Entre elas pódense destacar as seguintes:

- Activación de protocolos e medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Concreción de obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario oficial escolar.

Durante estes últimos anos, o Cmus Profesional de A Coruña ven mostrando ademáis sensibilidade e compromiso ca educación en igualdade elaborando proxectos, actividades e concertos nos que se pon en relevancia a figura das mulleres compositoras, promovendo a interpretación do repertorio das mesmas e visibilizando as súas obras nas programacións do centro.

Co fin de dar un paso máis en pro da educación na igualdade, tolerancia e respecto, e impulsar o modelo de escola coeducativa que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional xunto cos Secretaría Xeral de Igualdade aprobou no *"I Plan de actuación para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020"*, o CMUS Profesional de A Coruña presenta durante o curso 2022-23 o seu I Plan de Igualdade con obxectivos e medidas coeducativas que permitan paliar posibles desigualdades baseadas no xénero.



Para este curso 2023-24, na liña do curso anterior, preséntase o II plan de Igualdade do centro na que se inclúen propostas de mellora do plan anterior co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.



CONTEXUALIZACIÓN

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña pretende ser un centro aberto, innovador, con visión de futuro, onde se respetan as diferenzas ideolóxicas, relixiosas, culturais, etc., e, en definitiva, ser un centro tolerante e participativo. Ademais tenta contribuír ao pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas no ámbito persoal, familiar, social, intelectual, etc., favorecendo a súa autoestima como medio axeitado para o desenvolvemento das súas capacidades.

Para este fin na documentación do centro aparecen reflectidas cuestións relacionadas ca igualdade de xénero mostrando sensibilidade e preocupación por acadar obxectivos coeducativos:

PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

O principal obxectivo plasmado no proxecto educativo de centro é *“dar resposta ás necesidades do seu contorno, para promover o uso da lingua galega, para a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para a propia mellora do conservatorio, e as prioridades de actuación”*.

Para a promoción da igualdade entre homes e mulleres e seguindo o artigo 23 e 24 dá Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes tómanse as seguintes medidas:

“1. As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, prodúzanse desigualdades entre mulleres e homes.



2. *As Administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:*
- a. *A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.*
 - b. *A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.*
 - c. *A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.*
 - d. *A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.*
 - e. *A cooperación co resto das Administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.*
 - f. *O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia.”*

Así, ademáis das medidas e recursos xenéricos enumerados anteriormente, no CMUS Profesional de A Coruña, especifícanse as seguintes medidas coeducativas:

- *“Facilitarase a información necesaria para poder intervir na actividade do centro, informarase ás institución culturais das actividades e cantas accións administrativas ou académicas poidan resultar de interese xeral e xestionaranse eficazmente os recursos económicos atendendo a diversidade de obxectivos dos departamentos e necesidades do centro.*
- *Seguir potenciando o uso de todos os instrumentos por ámbolos dous sexos.*



- *Seguir mantendo charlas cos pais, nais e titores legais do alumnado para explicar que non existen instrumentos de homes e instrumentos de mulleres.*
- *Manter o programa de potenciación dos instrumentos minoritarios por ámbolos dous sexos.*
- *Seguir potenciando a convivencia de ámbolos dous sexos nas distintas agrupacións.*
- *Facer un seguimento de todas as programacións para que non contemplan ningún elemento que poida resultar sexista.”*

PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

No Plan de convivencia do CMUS Profesional de A Coruña aparecen plasmadas certas accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Seguindo o establecido na Lei 4/2011 do 30 de xuño, especificácase como segundo fin de convivencia o seguinte:

- *“A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, **na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres** e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.”*

De feito, considérase circunstancia agravante dunha falta:

*“As condutas que atenten contra o dereito a non ser discriminado por razón de nacemento, raza, **sexo**, capacidade económica, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por padecer discapacidade física, sensorial ou psíquica, ou por calquera condición persoal ou circunstancia social.”*



I PLAN DE IGUALDADE DO CENTRO 2022-23

No I plan de Igualdade avalíase a situación inicial do centro dende unha perspectiva de xénero así como obxectivos e medidas de acción para o curso que permitan avanzar na educación en igualdade. Tamén especificáanse medidas de seguimento do plan e a avaliación do mesmo quedando toda esta información reflectida na memoria final do curso.

ANALISE DA SITUACIÓN 2023-24

Estadísticas de alumnado por instrumentos:

	PORCENTAXE NENOS	PORCENTAXE NENAS
Acordeón	40%	60%
Arpa	21.5%	78.5%
Baixo eléctrico	100%	0%
Canto	25%	75%
Contrabaixo	37%	63%
Clarinete	45.5%	54.5%
Clave	54%	46%
Fagot	40%	60%
Frauta	21.5%	78.5%
Guitarra eléctrica	80%	20%
Guitarra	53%	47%
Oboe	46.5%	53.5%
Percusión	82%	18%
Piano	40%	60%
Saxofón	69.5%	30.5%
Trompa	59%	41%
Trombón	80%	20%
Trompeta	71%	29%
Tuba	81%	19%
Viola	38%	62%
Violonchelo	25.5%	74.5%
Violín	37.5%	62.5%

Sinálanse aquelas especialidades nas que existen os desequilibrios mais acusados (percentaxes iguais ou maiores a 75%- 25% ou viceversa).



Estadísticas do profesorado:

	PROFESORES	PROFESORAS
Equipo directivo	60%	40%
Xefes/as departamento	50%	50%
Coordinadores/as de programas	33%	67%
Directores/as de agrupacións	73%	27%



OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- Acadar un Plan de centro coeducativo con perspectiva de xénero.
- Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia.
- Promover actuacións de sensibilización para contribuir a erradicación de violencia de xénero, LGTBIfobia ou calquer outro tipo de violencia.
- Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Implicar e facer máis partícipe a comunidade educativa este curso nas actividades relacionadas ca coeducación.
- Colaborar cos departamentos para profundizar nun currículo non sexista, revisando os materiais e promovendo a igualdade de contidos.
- Promover actuacións de sensibilización para contribuir a erradicación de violencia de xénero, LGTBIfobia ou calquera outro tipo de violencia.
- Incluír no Plan de Convivencia do Centro de maneira específica as actuacións a levar a cabo para evitar e erradicar a violencia ante a diversidade afectivo-sexual ou LGTBIfobia.
- Revisar progresivamente a programación e outros documentos do centro para corregir erros de xénero e usar linguaxe inclusiva
- Realizar actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario oficial escolar ca finalidade de visibilizar a discriminación da muller ao longo da historia da música.
- Visibilizar o 25 de novembro “Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller” no centro.



- Seguir a incidir na visibilización da muller e transversalizar a súa presenza no currículum das diferentes materias do conservatorio.
- Dar a coñecer as figuras e as achegas das mulleres músicas galegas e promover a súa música como riqueza cultural e artística propia que debe ser valorada e recoñecida trascendendo o puramente anecdótico ou secundario.
- Reflexionar, identificar e debater as razóns do esquecemento e silencio o que se viron sometidas estas mulleres ao longo da historia,
- Facilitar ao profesorado posibilidades e recursos á hora de traballar repertorio composto por mulleres.
- Atender peticións de colaboración ou estudo que cheguen dos distintos departamentos.
- Difundir as achegas das mulleres músicas usando as diferentes redes sociais do conservatorio.
- Realizar actividades interdisciplinarias que impliquen a todos os departamento do centro así como a Coordinación de Normalización Lingüística e a Coordinación da Biblioteca entre outras.
- Potenciar no alumnado o concepto de coeducación mediante charlas, conferencias, concertos e todo tipo de actividades deseñadas nesta dirección.
- Incluír no Plan de Formación do profesorado talleres e/ou cursos sobre coeducación, eliminar estereotipos de sexo e xénero etc.
- Asistir e organizar cursos, xornadas, charlas ou reunións propostas por organismos competentes.
- Revisar e realizar unha catalogación na biblioteca do repertorio de mulleres compositoras de maneira que se facilite ao profesorado o acceso ao repertorio composto por mulleres para promover a súa programación nos vindeiros cursos.
- Abrir un canle de Youtube ou lista de reproducións de repertorio de compositoras gravado polo alumnado e profesorado do centro.



- Participar en proxectos coma Proxecta+ “Donas de sí” da Xunta de Galicia que fomenten a participación da comunidade educativa nas actividades que se realicen e permitan obter máis recursos e apoio económico para mellorar e continuar cos procesos coeducativos do Plan de Igualdade.



MEDIDAS DE ACTUACIÓN

O II Plan de Igualdade supón unha serie de actuacións concretas que teñen como principal interese a promoción da educación en igualdade. Durante o curso 2023/24 levaranse a cabo as seguintes medidas estratéxicas:

MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Difundir o plan na comunidade educativa así coma toda a información relacionada co tema de igualdade que se considere de interese.
- Empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva na actividade do centro.
- Realizar actividades durante o mes de marzo e especialmente arredor do 8 de marzo que visibilicen a importancia do papel da muller na historia da música.
- Colaborar con outros conservatorios e centros na realización de actividades coeducativas.

MEDIDAS PARA ELIMINAR ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E SABERES

- Revisar as programacións didácticas, a práctica docente e os materiais da aula dende unha perspectiva de xénero de maneira que se inclúan as mulleres relevantes en cada ámbito e se evite o uso de linguaxe sexista, situacións de discriminación, desequilibrios de xénero ou fomento de estereotipos que empobrecen a imaxe dos homes e das mulleres.
- Fomentar a importancia do papel da muller na historia da música para rescatar do silencio as figuras femininas do mundo musical que foron excluídas deliberadamente dos libros e das que non se comezaron a falar ata ben entrado o século XX.



MEDIDAS DE XESTIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS

- Difundir información a través do taboleiro coeducativo do centro.

MEDIDAS DE INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto cara a diversidade sexual e de xénero.

ACTIVIDADES CONCRETAS PROGRAMADAS

As **actividades** que se realizarán co gallo das datas sinaladas 25N e 8 M (primeiro e segundo trimestre):

1. Concurso de carteis e lemas para o 25N no primeiro trimestre do curso.
2. Concerto do alumnado de piano do CMUS profesional de A Coruña e o alumnado do CMUS profesional de Ferrol no que se traballarán dous álbumes: *Días chuviosos* (CMUS Coruña) e *Días fermosos* (CMUS Ferrol) da compositora Marie Jaëll. Realizaranse dous concertos, o día 18 de marzo no auditorio do conservatorio de A Coruña e o día 21 de marzo no auditorio da cidade de Ferrol con traslado do alumnado as cidades. Os concertos contarán ademáis con un apoio audiovisual gráfico e artístico realizado polo alumnado do IES de Durmideiras de A Coruña e publicidade en medios.
3. Concertos varios polo 8M do profesorado e do alumnado do centro cun programa no que se inclúa exclusivamente música de compositoras.
4. Sesión do club de lectura do centro adicada as compositoras a través da lectura do libro escrito por Anna Beer: *Armonías y suaves cantos. Las mujeres olvidadas de la música clásica*, da editorial Acantilado. Nesta sesión poñerase en común, comentarase e intercambiaranse opinións acerca da figura da compositora Fanny Mendelssohn (capítulo cinco *Hensel*).



As **actividades** que se realizarán ao longo do curso 2023/24:

- Abrir unha canle de Youtube para subir música de compositoras gravada polo alumnado e profesorado do centro.
- Concertos de música de compositoras para distintos instrumentos que implique a todos os departamentos e alumnado do centro.
- Adquisición de libros e repertorio de compositoras para os distintos departamentos e catalogación das partituras na biblioteca do centro de maneira que se facilite a súa búsqueda e a súa posible programación.
- Realización de carteis informativos expostos no panel coeducativo do centro no que se visibilicen ben as actividades organizadas dentro do Plan de Igualdade así como toda a información sobre mulleres na música que desexen compartir o profesorado e o alumnado.
- Abrir unha canle de Youtube na que se poida subir toda a música grabada no centro de compositoras mulleres.
- Gravación do álbum de piano *Pour tout les petites* da compositora Melanie Bonis a cargo do alumnado de piano de grado elemental do centro e publicación do mesmo na canle de Youtube.
- Gravación de repertorio de distintos instrumentos que implique a todos os departamentos e alumnado do centro.
- Creación de podcast de episodios atractivos e interesantes para a comunidade educativa nos que se incida na importancia da figura da muller e o recoñecemento do seu papel na historia da música.
- Curso de formación para profesorado impartido por musicólogos especialistas que arroxe mais luz na materia a tratar e coñecementos para abordar con éxito os obxetivos e actividades do Plan.
- Concerto de alumnos e alumnas de distintas especialidades no que se interpretará repertorio de compositoras arredor do día 8 de marzo no auditorio do centro.



- Concertos a cargo do profesorado do centro no que se interpretará parcial ou na súa totalidade repertorio de compositoras en auditorios e centros da provincia.



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación que se levará a cabo terá un carácter preferentemente continuo o que posibilitará a obtención de información dos procesos postos en marcha e propiciará a toma de decisións a fin de optimizar os mesmos. Para isto, é fundamental a participación activa por parte de profesorado, alumnado e familias.

Valorarase o nivel de consecución de obxectivos, os recursos empregados, as medidas e actividades realizadas así coma o grao de participación e interese dos membros da comunidade educativa.

Todas as propostas deste plan son flexibles e poderán adaptarse aos cambios que poidan sucederse ao longo do curso académico.

Con todos os datos recabados poderase elaborar un informe ou memoria final na que ademáis se establecerán propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.



BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN

Para a elaboración do presente I Plan de Igualdade do Conservatorio Profesional de A Coruña, consultáronse e empregáronse os seguintes recursos:

- . DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA DA XUNTA DE GALICIA. *Instrucción do 6 de setembro de 2019 para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020 nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.*
- . XUNTA DE GALICIA. *Guía para a xestión de centro coeducativos.*
- . UNIVERSIDADE DE VIGO: UNIDADE DE IGUALDADE. *Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo.*
- . INSTITUTO DE LA MUJER Y PARA LA IGUALDAD DE OPORTUNIDADES. MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD. *Educación en igualdad. Propuesta metodológica sobre coeducación.*
- . CENTRO REINA SOFÍA SOBRE ADOLESCENCIA Y JUVENTUD. *Educación para la igualdad de género. Un modelo de evaluación.*
- . GOBIERNO DE CANARIAS. CONSEJERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES, CULTURA Y DEPORTES. DIRECCIÓN GENERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA. *Orientaciones para los y las Agentes de Igualdad de los Consejos Escolares.*
- . CONSERVATORIO DE MÚSICA “RAMÓN CORRALES” DE RONDA. *Plan de Igualdad entre hombre y mujeres.*
- . CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE HUELVA “JAVIER PERIANES”. *Plan de Igualdad 2020-2021*



- . CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE A CORUÑA. I *Plan de igualdade curso 2022-23.*
- . CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE A CORUÑA. *Proxecto educativo do centro.*
- . CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE A CORUÑA. *Plan de convivencia.*

ANEXOS

Estadística de sexos por especialidades no grao elemental:

	1º GE		2º GE		3º GE		4º GE	
	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas	nenos	nenas
Acordeón	33%	67%	50%	50%	0%	100%	100%	0%
Arpa	50%	50%	0%	100%	-	-	50%	50%
Baixo eléct.	100%	0%	-	-	-	-	-	-
Contrabaixo	25%	75%	0%	100%	100%	0%	0%	100%
Clarinete	75%	25%	67%	33%	20%	80%	67%	33%
Clave	33%	67%	50%	50%	0%	100%	-	-
Fagot	25%	75%	-	-	0%	100%	-	-
Frauta	40%	60%	20%	80%	17%	83%	0%	100%
Guitarra eléc.	50%	50%	100%	0%	100%	0%	-	-
Guitarra	50%	50%	58%	42%	58%	42%	67%	33%
Oboe	25%	75%	100%	0%	100%	0%	50%	50%
Percusión	100%	0%	66%	34%	100%	0%	75%	25%
Piano	22%	78%	60%	40%	45%	55%	25%	75%
Saxofón	100%	0%	100%	0%	67%	33%	50%	50%
Trompa	100%	0%	100%	0%	33%	67%	67%	33%
Trombón	100%	0%	100%	0%	-	-	0%	100%
Trompeta	100%	0%	33%	67%	50%	50%	80%	20%
Tuba	100%	0%	100%	0%	100%	0%	100%	0%
Viola	12.5%	87.5%	62.5%	37.5%	25%	75%	43%	57%
Violonchelo	33%	67%	17%	83%	50%	50%	0%	100%
Violín	30%	70%	45.5%	54.5%	23%	77%	42%	58%



Estadística de sexos por especialidades no grao profesional:

	1º GP		2º GP		3º GP		4º GP		5º GP		6º GP	
Acordeón	100%	0%	0%	100%	0%	100%	0%	100%	-	-	-	-
Arpa	-	-	0%	100%	0%	100%	-	-	-	-	-	-
Canto	0%	100%	0%	100%	0%	100%	-	-	100%	0%	100%	0%
Contrabaixo	50%	50%	100%	0%	0%	100%	33%	67%	43%	57%	33%	67%
Clarinete	50%	50%	25%	75%	33%	67%	60%	40%	40%	60%	50%	50%
Clave	100%	0%	100%	0%	100%	0%	100%	0%	0%	100%	-	-
Fagot	100%	0%	-	-	100%	0%	-	-	50%	50%	0%	100%
Frauta	0%	100%	33%	67%	67%	33%	50%	50%	14%	86%	0%	100%
Guitarra	72.5%	28.5%	67%	33%	40%	60%	0%	100%	50%	50%	40%	60%
Oboe	0%	100%	100%	0%	33%	67%	-	-	-	-	100%	0%
Percusión	100%	0%	100%	0%	50%	50%	100%	0%	100%	0%	0%	100%
Piano	9%	91%	62.5%	37.5%	62.5%	37.5%	45.5%	54.5%	44%	66%	30%	70%
Saxofón	50%	50%	100%	0%	100%	0%	40%	60%	100%	0%	33%	67%
Trompa	0%	100%	33%	67%	33%	67%	100%	0%	50%	50%	-	-
Trombón	100%	0%	67%	33%	100%	0%	67%	33%	100%	0%	100%	0%
Trompeta	100%	0%	100%	0%	0%	100%	75%	25%	50%	50%	75%	25%
Tuba	100%	0%	-	-	100%	0%	50%	50%	67%	33%	0%	100%
Viola	100%	0%	40%	60%	25%	75%	0%	100%	20%	80%	100%	0%
Violonchelo	75%	25%	50%	50%	20%	80%	17%	83%	0%	100%	0%	100%
Violín	27%	73%	33%	67%	57%	43%	0%	100%	60%	40%	50%	50%